



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**



**O DESENVOLVIMENTO  
COMUNITARIO NO  
BARRIO DE FONTIÑAS**  
**-Memoria de actividades ano 2013-**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

*Proxecto comunitario implementado, dende o ano 1998, por profesionais pertencentes ás seguintes entidades: Servizos Sociais Comunitarios (UTS Fontiñas, Programa Municipal Socioeducativo e UMAD), CEIP Fontiñas, IES Antonio Fraguas, Centro de Saúde de Fontiñas, Cáritas Parroquial de Fontiñas, Programa de atención a familias "Abeiro", Centro de Día de Menores "Arela", Cruz Vermella e Fundación Secretariado Xitano.*

*Dende aquí, facer un recoñecemento ao noso compañeiro Santiago López Blanco (que desempeñou a súa labor docente e como Xefe de Estudos no CEIP Fontiñas), membro activo das xuntanzas de barrio dende a súa constitución. O seu traballo, a súa experiencia profesional e a súa enerxía estarán sempre presentes. Esperamos seguir contando contigo, Santiago!!!.*



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

**INDICE DE MATERIAS**

	<i><b>Páxs</b></i>
<b>I.- Presentación</b>	<b>3</b>
<b>II.- O proxecto está fundamentado en</b>	<b>7</b>
<b>III.- O proxecto persegue os obxectivos de</b>	<b>11</b>
<b>IV.- Membros das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas</b>	<b>13</b>
<b>V.- Metodoloxía do traballo comunitario</b>	<b>15</b>
<b>VI.- Actuacións comunitarias no ano 2013</b>	<b>19</b>
<b>VII.- A modo de conclusión</b>	<b>42</b>



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

## *Presentación.*

Corría o ano 1998<sup>1</sup>, cando diversas entidades do ámbito social, educativo e sanitario, decidimos aunar esforzos para realizar un traballo distinto no barrio, que non obviara a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incidira nos ámbitos preventivos e de integración; en definitiva, plantexábase un traballo dende o ámbito comunitario que, naquela data, se atisbaba como unha posibilidade e que, no día de hoxe, se evidencia como unha realidade.

Naquel entón, a poboación residente en Fontiñas presentaba uns rasgos totalmente diferentes á que caracterizaba o resto do termo municipal. Unha poboación xove, moi xove, se contrapoñía cun municipio galego que, como a maioría, se viña caracterizando por un envelatamento progresivo. Así, o evidenciaba un 25 % de poboación pertencente ao colectivo infantil e un 1,5 % de poboación maior de 65 anos. Moitas variables sustentaban esta realidade: un barrio aínda novo (con tan só unha década de historia), con unidades de convivencia nas que os cabezas de familia contaban cunha idade que oscilaba entre os 30 e os 40 anos, familias numerosas (relacionado coa adxudicación de vivendas de promoción pública), etc.

En vintedous anos de existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional xove (aínda que menos), na que o reemplazo xeracional está garantizado, pero o colectivo de persoas maiores irrumpe con forza no espectro social. Voltamos a reiterar que as condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que é un dos barrios que reúne mais elementos e factores que facilitan a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade.

As características sociais e xeográficas do barrio están presentes no desenvolvemento do traballo dos profesionais que pertencemos aos ámbitos sociais, educativos e sanitario.

---

<sup>1</sup> O traballo comunitario no barrio de Fontiñas ten atisbos alá polo ano 1998, coas primeiras xuntanzas entre entidades, que buscan atopar puntos en común e obxectivos conxuntos.



## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

A maiores, temos presente que os últimos textos legislativos que regulan o sistema de Servizos Sociais en Galicia esixe, aos distintos servizos públicos na materia así como á iniciativa social, que desempeñen a súa labor tendo presente os principios recoñecidos no artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia<sup>2</sup>, entre os que se atopan, polo seu interese para o barrio, os de: descentralización, responsabilidade pública, criterio organizativo, universalidade, coordinación, igualdade, autonomía persoal... En definitiva, iconvivenca comunitaria!. E neste senso:

- Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos están *descentralizados* a través da Unidade de Traballo Social (en adiante UTS) de Fontiñas, ubicados no propio barrio, próximos aos seu vecindario, que facilitan o acceso aos mesmos; así o evidencia o número de poboación que a eles se achegan. Os restantes servizos públicos manteñen o mesmo principio. Incídese e garántese o factor de *responsabilidade pública*, que se converte nun dereito para a cidadanía.
- Non hai "criterio de acceso". Estamos a falar duns Servizos Sociais Comunitarios *universais*, a través do seu Programa de valoración, orientación e información.
- A actuación profesional non debe obviar o nivel "asistencial<sup>3</sup>"; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación; sen isto, non se pode plantexar nin avanzar en ningún itinerario de inserción social. Polo mesmo, a labor coordinada dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e a das restantes entidades sociais cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo "punto de encontro": todos nós traballamos cun mesmo fin, o *benestar do vecindario*. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que debemos prestar atención: a *prevención* das situacións de risco social (para que estas non se den ou para retrasar, o máximo posible, a súa aparición) e o esforzo para acadar a integración e reforzar o *sentimento de "vida comunitaria"*; pero, aquí, con matices... integración que non debe ser nunca sinónimo de "asimilación", senón de convivencia...; convivencia "positiva", dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.
- É evidente que "a unión fai a forza"; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se atisbaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente

---

<sup>2</sup> Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008.



<sup>3</sup> Os servizos públicos deben realizar "unha discriminación positiva", atendendo primeiro as necesidades mais básicas da poboación vulnerable do barrio, baixo un esquema de asistencia e de coresponsabilidade.



## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

consolidada, no ano 2013. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do vecindario, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*. En definitiva, trátase de aunar esforzos para crear persoas libres, con capacidade de decisión, con dereitos pero, tamén, con deberes... Trátase de “construír” persoas non dependentes de ningún sistema, con personalidade propia, que sexan, en sí mesmas, o principal recurso do barrio.

Esta é a base do desenvolvemento comunitario que se ven levando a cabo no barrio de Fontiñas dende hai máis de catorce anos... A práctica diaria condiciona a labor de tódolos profesionais do barrio, que son capaces de atopar puntos de encontro, estratexias de intervención coordinadas, momentos para a reflexión conxunta, tempo para o deseño dunha actuación en rede, con fins comúns e obxectivos medibles. En definitiva, o plantexamento sempre foi:



↑ ↑ ↑ ↑ ↑ ↑ ↑  
**e... ¡sempre!, tendo presente...**

Gráfico recollido no II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas; ano 2013.

Nas vindeiras páxinas ofrécese unha síntese do traballo comunitario levado a cabo ao longo do ano 2013.



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

Nas bases logradas ao longo do tempo, por un conxunto de iniciativas comunitarias de traballo en rede, que contribúen a dotar dunha identidade propia e significativa ao barrio de Fontiñas.

Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movementos da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñado nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio fixéramos unha “parada no camiño” a reflexionar<sup>4</sup>, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.



Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do veciñanza (dende unha convivencia positiva), no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*; en reforzar un tecido social forte, que active procesos de *solidariedade social*.

<sup>4</sup> Isto foi o que fundamentou a elaboración do II Diagnóstico Social do Barrio (data: ano 2012; mais información en [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)). Neste documento, ademais de ver cales son as actuais características da zona, se recollen os piares que debe fundamentar a intervención das distintas entidades ao longo dos vindeiros anos.





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o benestar do veciñanza**. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: **a prevención das situacións de vulnerabilidade social e o esforzo para reforzar o sentimento de “vida comunitaria”**; unha firme aposta pola “convivencia”; convivencia “positiva”, fomentando a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.



*Fins permanentes que inspiran a intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.*



Pártese da idea de que as diferentes entidades temos unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social. Chegar aquí non é doado, pero tampouco imposible; hoxe podemos constatalo:



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, realizada durante os anos 2011 – 2012, fíxose unha detección de necesidades<sup>5</sup>, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona.



*Diagnóstico Comunitario, ano 2012.*

As actuacións profesionais se enmarcan, dende entón, nas liñas de intervención recollida sa nivel individual por cada entidade, pero tamén nas establecidas dende o Diagnóstico Comunitario. Toda se todos traballamos dende unhas institucións ubicadas nun contexto determinado e abertas a él.

<sup>5</sup> Mais información, no apartado de "documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas", da web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

**Obxectivo xeral:**

- Xenerar un marco de prevención, de participación e de intervención no seo da propia comunidade, como medio de dar resposta ás diferentes problemáticas sociais.
- Conformar coas diferentes entidades da zona un entramado social en rede que promova un servizo á poboación, eficaz e eficiente, sen duplicidade de recursos nin de accións.

**Obxectivos específicos:**

- Dar a coñecer ao vecindario as organizacións, entidades públicas, de iniciativa social e tecido asociativo do barrio de Fontiñas, en orde a un mellor aproveitamento das mesmas para fins sociais.
- Coñecer a situación na que se atopa a poboación residente no barrio de Fontiñas, elaborando e executando propostas de actuación conxuntas coas entidades da zona, que incidan positivamente na convivencia, dende o respecto á diferenza.
- Detectar precozmente procesos de inadaptación social, co obxecto de intervir de xeito coordinado para solventalos.
- Promover a participación e a solidariedade cidadá no ámbito da comunidade, ben a través dos cauces xa existentes ou mediante outros de nova creación.

En xeral:

**Para qué?:  
Obxectivos das xuntanzas de  
barrio de Fontiñas**

- Favorecer a fluidez das canles comunicativas.
- Facilitar a cooperación.
- Axilizar actuacións e rentabilizar, ao máximo, os recursos comunitarios, mellorando a capacidade de xestión dos recursos humanos e institucionais da zona.

*Presentación realizada polas traballadoras sociais ( UTS Fontiñas) en Cáritas Parroquial de Fontiñas, en outubro 2012.*



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS


O Desenvolvemento Comunitario pretende orientar a abordaxe de situacións sociais colectivas mediante a organización e o traballo en rede. Trátase dunha abordaxe que se enfrente á tarefa de constituir (crear) e manter (soster) un grupo de traballo en torno á elaboración e á aplicación de actuacións profesionais. Este grupo de traballo pode funcionar, con tódolos seus integrantes, co obxecto de manter xuntanzas informativas ou plantexar actividades puntuais, ou en comisións de traballo.



### METODOLOXIA DO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

Este grupo de traballo pode funcionar, con tódolos seus integrantes (**SESIÓNS PLENARIAS**), ou en comisións de traballo. Na actualidade, establécense catro liñas de traballo:

- **A intervención con “Menores”.**
- **A intervención con “Persoas Maiores”.**
- **A intervención con “Persoas Dependentes”.**
- **A intervención cos grupos de “poboación máis vulnerables”.**



### METODOLOXIA DO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

**A intervención con “Menores”:**

- Para o **seguimento da súa escolarización**, de intervención coordinada en situacións de absentismo escolar e desescolarización.
- Para a **intervención en situacións de risco social**.
- Para a **prevención de factores ou elementos compatibles con situacións de desprotección**.
- Para a **ocupación positiva do seu tempo de lecer**.
- Para **favorecer a conciliación da vida familiar e laboral**.
- Para **fomentar a relación positiva co seu “grupo de iguais”**.





## METODOLOXIA DO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

### A intervención coas “Persoas maiores”:

- Para **detectar factores de vulnerabilidade**: avanzada idade, estado de saúde deficitario, rede de apoio social e familiar insuficiente, etc.
- Para **promover a súa atención global** (social, sanitaria, ....), contribuíndo a que as súas necesidades básicas estén cubertas.
- Apoiar ás unidades de convivencia para **evitar riscos de sobrecarga nos cuidadores habituais**.
- Para **promover a dinámica relacional co seu contorno comunitario**, sempre e cando esta sexa posible, incidindo no grao de participación social.
- Para constituír unha rede social de apoio ás persoas maiores e cun nivel de dependencia baixa ou moderada da zona: **ACTIVACION DE GRUPOS DE VOLUNTARIADO**.



## METODOLOXIA DO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

### A intervención coas “Persoas en situación de dependencia”:

- Para constituír un proxecto de traballo coordinado entre a Unidade de Traballo Social de Fontiñas e o Departamento de Traballo Social do Centro de Saúde, co obxecto de realizar unha **análise das problemáticas individualizadas e sociofamiliares das persoas que presenten un nivel de dependencia alto ou moderado**.
- Para **detectar factores de vulnerabilidade engadidos**: idade, rede de apoio social e familiar insuficiente, fraxilidade familiar, risco de claudicación, etc.
- Apoiar ás unidades de convivencia para **evitar riscos de sobrecarga nos cuidadores habituais**.



## METODOLOXIA DO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

A intervención coas “*Persoas en risco de exclusión social*”:

- **Proxecto Esqueira** (proxecto formativo básico, deseñado e implementado polo equipo de Inclusión Social do Concello de Santiago, en colaboración coas entidades do barrio de Fontiñas).
- Derivación e **traballo en rede con distintos servizos** para a formación básica e para a integración laboral.
- **Encontros con mulleres**, pertencentes a familias xitanas, no IES Antonio Fraguas (como “punto de encontro” onde se escoite a súa voz).
- **Difusión das actividades** que se levan a cabo na zona co obxecto de favorecer a participación social.





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

### **a).- De xeito global:**

- ✦ Ao longo do ano 2013, rexistráronse un total de 19 xuntanzas comunitarias, que perseguían como obxectivos manter a coordinación interinstitucional, informando sobre os proxectos e as actividades existentes de interese para a comunidade e establecendo canles de derivación e de seguimento.
- ✦ A maiores, habería que recoller (si ben é difícil de cuantificar), o número de xuntanzas de coordinación interinstitucional, pero xa mais reducidas en canto ao seu número de integrantes (por exemplo: UTS + Cáritas Parroquial, UTS + Centro de Saúde de Fontiñas, UTS / Programa municipal Socioeducativo + Abeiro, UTS / Programa municipal Socioeducativo + IES Antonio Fraguas, UTS / Programa municipal Socioeducativo + CEIP Fontiñas, UTS / Programa municipal Socioeducativo + Arela, calquera entidade con Cruz Vermella ou coa Fundación Secretariado Xitano, etc.).

### **b).- Na intervención con menores en situación de risco social:**

Foi pilar básico na intervención comunitaria do barrio de Fontiñas a intervención e a prevención da problemática de absentismo escolar. Consideramos que a escolarización é un dereito constitucional que ten todo menor, que debe ser real e efectivo, e que supón unha garantía de futuro, considerando que contribúe a crear "unha persoa autónoma". Por isto, seguíuse coa intervención nesta materia. A continuación refléxase a evolución do absentismo escolar, dende o inicio do proxecto comunitario, ata a actualidade; suliñar que nestas cifras non se está recollendo o número de alumnado dos centros educativos do barrio de Fontiñas que presentan a problemática de absentismo escolar, senón aqueles alumnos dos mencionados centros, que teñen esta problemática, e que residen no ámbito territorial de influencia do Punto de Atención de Servizos Sociais do Barrio de Fontiñas (zonas de Fontiñas, San Lázaro e Sar, fundamentalmente<sup>6</sup>).

---

<sup>6</sup> Si ben o ámbito territorial e social do Punto de Atención de Servizos Sociais de Fontiñas é superior: zonas de Fontiñas, Sar, Agrois, San Lázaro, San Marcos, Lavacolla, Bando e Cesar.



EQUIPO COMUNITARIO DO

BARRIO DE FONTIÑAS

Táboa nº 2: Absentismo escolar/descolarización de menores do barrio de Fontiñas.

CURSO	DATOS ABSENTISMO / DESESCOLARIZACIÓN
Curso 2003-2004	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: sen datos.</li> <li>• Nº de menores de Primaria con absentismo: 18</li> <li>• Nº de menores de Secundaria con absentismo: 12</li> <li>• Nº de menores desescolarizados: 6</li> <li>• <b>TOTAL: 36 menores.</b></li> </ul>
Curso 2004-2005	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: sen datos.</li> <li>• Nº de menores de Primaria con absentismo: 16</li> <li>• Nº de menores de Primaria que presentaron absentismo escolar no curso anterior e que agora non: 3.</li> <li>• Nº de menores de Secundaria con absentismo: 6</li> <li>• Nº de menores de Secundaria que presentaron absentismo escolar no curso anterior e que agora non: 1 .</li> <li>• Nº de menores desescolarizados: 4</li> <li>• Nº de menores que estiveron desescolarizados no curso anterior e que agora retomaron a escolarización: 2.</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO + DESESCOLARIZACIÓN: 26 menores</b></li> </ul>
Curso 2005-2006	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 9</li> <li>• Nº de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 17.</li> <li>• Neste curso e en Educación Primaria, houbo un retroceso nas cifras de absentismo escolar, con respecto ao ano anterior.</li> <li>• Nº de menores de Educación Secundaria que presentan absentismo: 8</li> <li>• En Educación Secundaria (IES Antón Fraguas) incorpóranse tres nenas, pertencentes ao colectivo xitano</li> <li>• Nº de menores desescolarizados: 3</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 28 menores; si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 37.</b></li> </ul>
Curso 2006-2007	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 8</li> <li>• Nº de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 14.</li> <li>• Neste curso e en Educación Primaria, houbo un retroceso nas cifras de absentismo escolar, con respecto ao ano anterior.</li> <li>• Nº de menores de Educación Secundaria que presentan absentismo: 4</li> <li>• En Educación Secundaria (IES Antón Fraguas) incorpóranse dúas nenas, pertencentes ao colectivo xitano.</li> <li>• Neste curso, en Educación Secundaria, houbo un retroceso nas cifras de absentismo escolar.</li> <li>• Nº de menores desescolarizados: 2</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 20 menores; si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 28.</b></li> </ul>



CURSO	DATOS ABSENTISMO / DESESCOLARIZACIÓN
Curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 3</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 5.</li> <li>• Neste curso e en Educación Primaria, houbo un importante retroceso nas cifras de absentismo escolar, con respecto ao ano anterior.</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria que presentan absentismo: 2 (Jessica, Tinín)</li> <li>• En Educación Secundaria (IES Antón Fraguas) vanse incrementando, paulatinamente o número de nenas, pertencentes ao colectivo xitano.</li> <li>• Neste curso, en Educación Secundaria, houbo un retroceso nas cifras de absentismo escolar.</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 1</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 8 menores; si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 11.</b></li> </ul>
CURSO 2008-2009	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 1</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 4</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria con absentismo: 1</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 2</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 7 menores si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 8.</b></li> </ul>
CURSO 2009-2010	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 2</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 5</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria con absentismo: 3</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 0</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 8 menores si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 10.</b></li> </ul>
CURSO 2010-2011	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 3</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 2</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria con absentismo: 5</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 0</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 7 menores si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 10.</b></li> </ul>
CURSO 2011-2012	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 6</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 3</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria con absentismo: 2</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 0</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 5 menores si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 13.</b></li> </ul>
CURSO 2012-2013	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 4</li> <li>• N° de menores de Educación Primaria que presentan absentismo: 3</li> <li>• N° de menores de Educación Secundaria con absentismo: 0</li> <li>• N° de menores desescolarizados: 0</li> <li>• <b>TOTAL CASOS ABSENTISMO EN IDADE OBRIGATORIA + DESESCOLARIZACIÓN: 3 menores si a esta cifra lle engadimos os menores en Educación Infantil que presentan esta problemática, a cifra ascendería a 7.</b></li> </ul>

Fonte: Datos facilitados centros educativos da zona; tratamento dos mesmos por parte da UTS Fontiñas, 2013.




## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

Importante foi, a maiores, a **xuntanza de coordinación mantida co Equipo Técnico de Menores de A Coruña**, celebrada o 14 de maio dos correntes, e á que acudiron tódolos integrantes do mencionado equipo. Coa mesma, pretendeuse estreitar a coordinación interinstitucional en materia de protección de menores. Dado que o tema era de sumo interese para a zona, invitouse a que se incorporaran na mencionada xuntanza as traballadoras sociais da UTS Porta do Camiño e os centros educativos máis próximos ao barrio de Fontiñas (dado que podían ter alumnado tamén da zona e, por outra banda, soen ter como centro de referencia de Secundaria ao IES Antonio Fraguas).



### c).- Continuidade na implementación de proxectos:



Fonte: Gráfico elaborado polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas, 2013.



EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS

**d).- Proxectos e actuacións específicas do ano 2013:**

- ✦ O IES Antonio Fraguas iniciou unha **campaña solidaria de recollida de leite** para tratar de dar resposta o chamamento de Cáritas parroquial de Fontiñas:

<p><b>CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE LEITE</b></p> <p>DENDE CÁRITAS PARROQUIAL DE FONTIÑAS FAISE UN CHAMAMENTO SOLIDARIO PARA RECOLLER LEITE. SON MOITAS AS PERSOAS (NENOS E MAIORES) QUE O PRECISAN.</p> <p>TEDES DÚAS FORMAS DE COLABORAR:</p> <p>1-DEPOSITANDO OS BRIKS DE LEITE NA ENTRADA DO IES.</p> <p>2-CUNHA APORTACIÓN ECONÓMICA QUE SE RECOLLERÁ NA SECRETARÍA DO CENTRO.</p> <p>(DO VENRES 5 Ó XOVES 11 DE ABRIL)</p>	 <p>GRACIAS POLA VOSA COLABORACIÓN.</p>
<p><b>CONSEGUIMOS 143 UNIDADES DE LEITE</b></p> <p><b>E 200 EUROS*</b></p>	<p><b>GRACIAS POLA VOSA COLABORACIÓN</b></p> <p>* CÁRITAS PARROQUIAL COMENTA QUE EMPREGARÁ OS CARTOS EN MERCAR OUTROS PRODUCTOS NECESARIOS, POSTO QUE CO LEITE RECOLLIDO TEÑEN CUNBERTA A NECESIDADE INMEDIATA.</p>

- ✦ O 14 de xuño impleméntase o **Proxecto de "Mercadiño solidario: Trócame-roque"**. Mais información na web: [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)

**O MERCADIÑO EN CIFRAS....**

- ✦ Nº de postos no mercadiño = 18.
- ✦ Nº de menores participantes nos postos do mercadiño = 47 (dos cales o 26,9 % correspondían ao sector da "infancia" -menos de 12 anos- e o 73,1 % á "adolescencia", "mais de 12 anos").
- ✦ Nº de actividades de animación ao redor do mercadiño = 5.
- ✦ Nº de profesionais e de voluntarios ao fronte das actividades de animación = 25.
- ✦ Nº de participantes nas actividades de animación = 144.
- ✦ Nº de visitas aproximadas ao mercadiño = 450.
- ✦ Recaudación = 360,43 €.





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

### O ACADADO NO MERCADIÑO...

- ✦ Maior participación do esperado pola Comisión Organizadora.
- ✦ A convivencia, unha “atmósfera cálida”, a ausencia de conflitos, a diversidade social.
- ✦ A duración do mercadiño foi superior, dado o “bo ambiente” que reinou durante a xornada.
- ✦ A petición das rapazas e rapaces a repetir a experiencia.
- ✦ A valoración positiva do vecindario sobre a iniciativa, o proxecto e as actividades de animación.
- ✦ O recoñecemento por parte dos asistentes á organización da actividade, froito do traballo en rede comunitario.
- ✦ O apoio dos centros comerciais Area Central e Leroy Merlin ao proxecto.

O mercadiño en imaxes...

### A “Fase PRE-”





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**



**A "Fase INICIO-"**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

**A "Fase DURANTE-"**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

- ✦ **18 de xuño de 2013** comeza a conmemoración do XX Aniversario do CEIP Fontiñas. Dende aquí o noso recoñecemento e cariño a un dos compañeiros das xuntanzas do barrio de Fontiñas: Santiago López Blanco, "socio-fundador" do traballo comunitario da zona; as túas inquedanzas e a túa "enerxía" estarán presentes sempre.



- ✦ Nos meses de outubro e novembro de 2013, implementouse o Proxecto comunitario **"A nosa vida..., en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes; reflexións técnicas"**. Mais información na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org). A modo de resume:

INDICADORES	Nº	OBSERVACIÓNS
Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto	4	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Orientadora do IES Antonio Fraguas</li> <li>* Traballadoras sociais da UTS Fontiñas.</li> <li>* Educadora social do Programa municipal Socioeducativo</li> </ul>
Nº de profesionais colaboradores	5	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Director do IES Antonio Fraguas.</li> <li>* Vicedirector do IES Antonio Fraguas.</li> <li>* 2 docentes do Departamento de Filosofía do IES Antonio Fraguas.</li> <li>* Xuíz do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago.</li> </ul>



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

INDICADORES	Nº	OBSERVACIÓNS
Nº de profesionais que difunde o Proxecto	5	* Orientadora do IES Antonio Fraguas * Traballadoras sociais da UTS Fontiñas. * Educadora social do Programa municipal Socioeducativo. * Coordinadora do Centro de Día Arela.
Nº de profesionais que participan nos obradoiros	8	* Asociación Arela: 1 * Equipo Menores: 4 * Teixeiro: 3
Nº de profesionais que participan na Mesa Redonda	5	* Concelleira Servizos Sociais. * Alumno Ensinanza Permanente Adultos de Teixeiro. * Equipo Técnico de Menores. * Fiscalía de Menores de Pontevedra. * Arela.
Nº de alumnado que participan nos obradoiros / nº de alumnado previsto		<i>Obradoiro 1:</i> Arela: 107 alumn@s. <i>Obradoiro 2:</i> Menores: 82 alumn@s. <i>Obradoiro 3:</i> Teixeiro: 107 alumn@s.
Nº de alumnado que participan na mesa redonda / nº de alumnado previsto		110 alumn@s.
Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido educativo		12 docentes.
Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido social		20 profesionais.
		<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Obradoiro Arela: 50 €.</li> <li>⊕ Xantar docentes Centro Penitenciario de Teixeiro: 45 €.</li> <li>⊕ Pago traslado docentes de Centro Penitenciario de Teixeiro: 120 €.</li> <li>⊕ Impresión de carteis e tarxetas divulgativas: 18 €</li> <li>⊕ O IES Antonio Fraguas encárgase do abono dos dous primeiros conceptos, que fai un total de 95 €.</li> <li>⊕ O terceiro concepto é abonado dende o Programa de Prevención da Concellería de Servizos Sociais: 120 €.</li> <li>⊕ As profesionais que realizan o deseño do proxecto abonan, de xeito particular, os gastos derivados de carteis e tarxetas divulgativas: 18 €.</li> </ul>

*Fonte: Cómputo de datos realizado pola Orientadora do IES Antonio Fraguas, polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

Vexamos como se foi desenvolvendo o proxecto:



## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS



*Rolda de prensa no Concello de Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2013.*

A concelleira de Servizos Sociais, María Castelao, presentou o 23 de outubro de 2013 o proxecto comunitario **A nosa vida en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes; reflexións técnicas e experiencias vitais**. Esta iniciativa, que vinculaba os aspectos educativo e social, dende unha óptica preventiva, estaba dirixida a mozos e mozas de entre 15 e 17 anos do IES Antonio Fraguas (Fontiñas) e incluíu tres obradoiros e unha mesa redonda. Acompañaron a María Castelao na rolda de prensa a orientadora do IES Antonio Fraguas, Dolores Sanz; o xefe do Departamento de Filosofía deste instituto, Rafael Varela, e a directora do Centro de Día Arela, Mila Budiño. Estes dous centros forman parte do equipo comunitario do barrio de Fontiñas, ao que se referiu a edil lembrando os seus máis de 15 anos de traballo abordando a realidade social do barrio dende unha óptica comunitaria e cunha perspectiva de traballo en rede, baseada na coordinación permanente. "Os fins últimos da súa intervención están dirixidos a acadar unha convivencia positiva en tódolos eidos (no familiar, no escolar ou no veciñal) dende o respecto á diferenza e aos dereitos que asisten a cada persoa", dixo. Neste marco situou o proxecto *A nosa vida en positivo* e, máis en concreto, nas súas liñas formación para a xuventude e de intervención integral con menores para previr situacións de risco social. Trátase tamén de reforzar o labor que xa se realiza en materia de absentismo escolar e de mellora da convivencia no ámbito comunitario. Con esta iniciativa búscase que os mozos e mozas coñezan os seus dereitos e aprendan a exercitalos, así como as consecuencias legais de determinadas condutas. Con estas





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

sesións tamén se pretende fomentar a participación dos adolescentes na vida comunitaria, desenvolver consciencias críticas e contidos curriculares.

Entre o persoal técnico do ámbito socioeducativo, o proxecto clarificará normas de actuación cos colectivos infantil e xuvenil, permitirá un mellor coñecemento dos recursos existentes en relación á vulnerabilidade social dos menores e fortalecerá as pontes entre a institución escolar e a comunidade.



*Obradoiro impartido pola Asociación Arela no IES Antonio Fraguas, o 29 de outubro de 2013.*



## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

O 29 de outubro de 2013 levouse a cabo dous obradoiros para 4º de ESO a cargo de Ana Pérez Figueroa da Asociación ARELA. Tratouse da primeira das actividades previstas dentro do proxecto A NOSA VIDA EN POSITIVO? que se desenvolve ao longo de varias sesións.

O Programa KTORCE18 pretende informar sobre a Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores aos seus protagonistas, os adolescentes, mozos e mozas, co fin de reducir a comisión de delitos nestas idades, polo descoñecemento da Lei ou do contido desta.





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

*Obradoiro impartido polo Equipo Técnico de Menores de A Coruña, no IES Antonio Fraguas, o 5 de novembro de 2013. Presentes tamén no acto, a traballadora social da UTS e técnicos do Centro de Día de Menores Arela e da Casa de Familia "Dignidade".*

O Equipo Técnico de Menores de A Coruña (en concreto, el Equipo Sur), como servizo especializado que intervén para garantir a protección do menor, supera o seu necesario e obrigado nivel de asistencia, para integrarse no ámbito comunitario mais próximo (neste caso, o barrio compostelán de Fontiñas), e explicar ao alumnado de Secundaria e de Bacharelato no IES Antonio Fraguas, das principais problemáticas que poden afectar aos menores de idade e dos recursos sociais existentes para afrontar as mesmas. Parten do feito de que a información é a ferramenta básica para garantir o seu benestar, considerando que calquera

acción preventiva é primordial para acadalo. Por eso se dirixen aos adolescentes, non como destinatarios da súa acción de protección (neste caso), senón solicitando a súa colaboración cos diferentes servizos públicos, para chegar a "ese menor que o precisa", "o mais axiña posible", "procurando o menor dano posible", "coa premisa de mínima intervención, pero de garantía de protección".

Preténdese eliminar esa falsa imaxe negativa que, ás veces, persegue aos diferentes profesionais do ámbito dos Servizos Sociais: que os menores os vexan como os técnicos que pretenden garantir a cobertura das súas necesidades (consideradas estas dende unha óptica integral, recollida pola propia pirámide de Maslow) e favorecer o seu benestar persoal e o das súas familias.

Os técnicos do Equipo Sur de Menores insisten no xa adiantado





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

polo Valedor do Pobo<sup>7</sup>, explicando que o éxito das políticas sociais cos menores é, precisamente, evitar que se produzan situacións de risco ou desamparo. As Administracións Públicas están obrigadas por lei a prever aquelas situacións que poidan poñer en perigo a vida, a integridade física e o desenvolvemento persoal do menor. Polo xeral, as antenas detectoras de situacións de desprotección son os servizos sanitarios, educativos, policiais, xudiciais e os servizos sociais comunitarios así como tamén os veciños e incluso a familia extensa; no podendo rexeitarse as informacións que poidan facilitar os menores.



<sup>7</sup> “Menores vulnerables y responsabilidad penal”. Documento elaborado polo Valedor do Pobo; para máis información véxase [http://www.valedor.gal/recursos-menores\\_valedor.pdf](http://www.valedor.gal/recursos-menores_valedor.pdf)





## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

*Obradoiro impartido o 19 de novembro de 2013, no IES Antonio Fraguas, polo Programa de Ensinanza Permanente de Adultos da Consellería de Educación, destinado no Centro Penitenciario de Teixeira.*

O profesorado do E.P.A.P.U. de Teixeira desenvolve o proxecto Aprender no Cárcere para crear unha vía de comunicación e colaboración entre os intern@s da nosa escola e os adolescentes dos centros de secundaria da nosa Comunidade.

Valoración José Manuel da charla no IES Antonio Fraguas

Pódese elexir o destiño, eu fixeno (non o fagades vós).

O pasado martes día 19/11/13 tiven a oportunidade de compartir os meus erros do pasado cun grupo de alumnos do Instituto Antonio Fraguas. Foi a primeira vez que ocupei o lugar do profesor... (sen estar castigado, jejeje). Quedei encantado coa atención que me prestaron. Foi moi enriquecedor para min poder compartir con todos os asistentes as vivencias erróneas do pasado para que cada un deles poida ver as consecuencias que eu estou a pagar por ter decidido vivir unha mala vida baixo os efectos dunha droga, en lugar dunha boa. Eu teño sorte de conta-lo, outros non...

Compartir un porro cun amigo é o principio dun camiño cun desenlace fatal.

Gracias pola acollida, o trato e a atención prestada e xa para despedirme decivros que xunto con ANOCA estou á vosa disposición para unha próxima.

Un saúdo do voso amigo

José Manuel (interno de Teixeira)

Publicado por Proxecto ANOCA en 09:00 No hay comentarios:

Recomendar esto en Google

Etiquetas  
Antonio Fraguas 13-14 (4)  
Pastoriza 13-14 (4)  
Urbano Lugo 13-14 (5)

A nosa páxina de Facebook  
Proxecto ANOCA  
Like 76

Síguenos en twitter  
Seguir a @ProxectoANOCA 62 seguidores

Archivo del blog  
Archivo del blog



## EQUIPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

The screenshot shows a web browser window with the URL <http://proxectoanoca.blogspot.com...> and a tab titled 'Proxecto ANOCA (Aprende...'. The page content includes:

### Valoración profesorado EPAPU

Nesta entrada aparecerá a valoración por parte do profesorado do EPAPU das actividades nas que participemos no voso centro.

Ola a todos

Coa visita do Proxecto ANOCA ao IES Antonio Fraguas damos comezo ao proxecto durante o curso escolar 2013/2014. Como sempre, a visita resultou moi satisfactoria para nós. A atención por parte de Lola e demais profesores do Instituto foi moi boa. fixéronnos sentir como na casa. A charla da mañá no instituto penso que foi moi dinámica. Unha vez que o noso amigo e alumno José Manuel se liberou dos nervos (hai que pensar que era a primeira vez que acudía a unha das nosas visitas), a charla adquiriu fluidez. As preguntas sucedíanse e conseguíuse un diálogo áxil entre ambas partes. José Manuel aportou a súa experiencia persoal e nós intentamos apoiálo en todo. Pola tarde tivemos a mesa redonda coa Consellería de Servizos Sociais de Santiago e, teño que dicir, que unha vez superados os momentos iniciais de confusión, penso que tamén foi moi enriquecedora. Non queda máis que dar as grazas da nosa parte a todos e desexar poder compartir no futuro outro día con todos vós.

Chus e José Antonio

Publicado por Proxecto ANOCA en 15:00 No hay comentarios:

Recomendar esto en Google

Etiquetas: Antonio Fraguas 13-14

On the right side of the page, there is a video player for 'III Seminario de Intercambio y Form...' and sections for 'Enlaces de interese' (Educar entre rejas, Foodprint.eu), 'Estadísticas' (21,394), 'Contribuyentes' (Proxecto ANOCA, jose antonio), and 'Seguidores'.

Páxina web do Proxecto ANOCA – Centro Penitenciario Teixeira.





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**



*Mesa redonda no Centro Sociocultural das Fontiñas, do 19 de novembro de 2013, onde participan membros do Programa de Ensinanza Permanente de Adultos do Centro Penitenciario de Teixeira, do Equipo Técnico de Menores de A Coruña, da Asociación Arela, da Fiscalía de Menores de Pontevedra e presentada/moderada pola Concelleira da Area de Servizos Sociais.*







**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**



*Visións parciais do público asistente á Mesa Redonda.*







**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

A concelleira de Benestar Social, María Castela, moderou no Centro Sociocultural das Fontiñas (CSC) a mesa redonda de clausura do proxecto *A nosa vida... en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes, reflexións técnicas e experiencias vitais*.

Con esta mesa redonda pechouse o proxecto desenvolvido ao longo dos meses de outubro e novembro con alumnado de Secundaria e Bacharelato no IES Antonio Fraguas, en Fontiñas. Foi unha experiencia con enfoque preventivo na que se traballou co alumnado sobre temas da vida cotiá, relacionados con dificultades que poden atopar no proceso de crecemento persoal.

Neste encontro final no CSC de Fontiñas participaron membros do Equipo Técnico de Menores da Coruña, do programa de prevención de condutas infractoras de Arela, da Fiscalía de Menores de Pontevedra e do Centro de Educación Permanente de Adultos da Consellería de Educación destinados no Centro Penitenciario de Teixeiro.



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**




*Imaxes da Mesa Redonda (19-11-2013)*



*Mesa divulgativa sobre proxectos levados a cabo no barrio de Fontiñas.*



**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**





**EQUIPO COMUNITARIO DO  
BARRIO DE FONTIÑAS**

*Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2013.*